



BASES do concurso de Comparsas– Modalidade de Vestiario e Coreografía Entroido 2018

1. Poderán formar parte do concurso persoas ou entidades con agrupacións dun mínimo de 10 participantes disfrazados para a ocasión, que previamente efectúen a súa inscrición mediante o envío dun correo electrónico a imce@coruna.es ou mediante a súa presentación nas oficinas do IMCE (Avenida da Mariña, 18, 15001 A Coruña), antes das 14:00 horas do venres 26 de xaneiro de 2018, e que se comprometan a asistir ao desfile de carrozas e comparsas que discorrerá desde a Avenida da Habana ata a Praza de María Pita o sábado 10 de febreiro a partir das 17:30 horas.

Lugar de Formación: Avenida da Habana.

Hora de Formación: 16:15 h.

2. Establécense os seguintes premios:

PRIMEIRO PREMIO:	1.500,00 €
SEGUNDO PREMIO:	1.200,00 €
TERCEIRO PREMIO:	800,00 €
CUARTO PREMIO	500,00 €
QUINTO PREMIO	300,00 €
ACCÉSITS (*):	200,00 €

(*) O número de accésits dependerá do número de participantes, pero nunca será superior a 15, e serán outorgados a aquelas Comparsas que, segundo o fallo do Xurado, presenten un vestiario debidamente elaborado e unha coreografía ben traballada e estean presentes no desfile de carrozas e comparsas descritos na base 1.

Para poder acceder a calquera dos premios é requisito imprescindible realizar o percorrido completo do desfile de carrozas e comparsas.

Será obrigatoria a participación dun representante da comparsa gañadora do primeiro premio no programa especial de radio Entroido 2018, que se emitirá en directo o martes 13 de febreiro de 12:20 a 14:00 horas desde o Campo da Leña, ou onde se determine pola organización se as condicións meteorolóxicas non permiten a súa realización nese lugar.

3. O Xurado estará composto polo Ilmo. Sr. Alcalde - Presidente do Excmo. Concello da Coruña ou persoa en quen delegue, cinco persoas de recoñecido prestixio e o Sr. Secretario Xeral do Excmo. Concello da Coruña ou persoa en quen delegue, que levantará acta.

4. O importe dos premios quedará suxeito ás retencións que a lexislación vixente establece.

5. O Xurado deliberará e emitirá o seu fallo ao finalizar o desfile de carrozas e comparsas, para o que terá en conta tanto os disfraces presentados como a singularidade das creacións, os materiais de elaboración, a confección artesanal, a complexidade da confección, o volume de elementos presentados, os acabados dos disfraces e os seus complementos, así como a graza para a súa porte e as coreografías que as comparsas desenvolvan durante o desfile.

O fallo do Xurado será inapelable.

6. A inscrición no Concurso levará implícita a aceptación das presentes bases.